



Asinado o convenio para ampliar a piscina municipal

O alcalde de Cedeira e o presidente da Deputación Provincial, Pablo Diego Moreda Gil e Valentín González Formoso, acaban de asinar o convenio de colaboración para financiar a ampliación da piscina municipal. Culmina así a tramitación dun proxecto de suma importancia para Cedeira, tanto para ofrecer unha instalación axeitada ao rendemento do Club Natación Cedeira como para o alto

número de bañistas que fan un uso recreativo ou terapéutico da mesma. A obra ampliará o vaso dos 16x8m actuais aos 25x11,6m e mellorará tamén a eficiencia enerxética do edificio. A actuación ten un presuposto de 588.790,08€, dos que a Deputación asumirá 300.000€ e o Concello, os 288.790,08€ restantes. Por outro lado, a piscina está conectada xa á rede EPIC de piscinas intelixentes da Federación Española de Natación. **Páx. 3**

sumario

» Aprobados os expedientes de licitación das obras de mellora nos parques de xogo da zona de San Isidro **Páx. 2**

.....

||



» En proceso de licitación a construción do novo Centro de Adestramento Deportivo Especializado **Páx. 2**

.....



» O goberno local levou adiante unha experiencia de escoita activa coas parroquias do rural **Páx. 5**

.....

» Suba de case 70.000€ ao ano no canon que deixan na localidade tres parques eólicos da Capelada **Páx. 6**

.....

» O Polideportivo Municipal convértese nestas festas nun espazo de lecer para a toda a familia **Páx. 7**



Cedeira é Cidade Amiga da Infancia de Unicef

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, e o concelleiro de Mocidade, Noel López, recolleron o pasado día 9 en Madrid o distintivo de Unicef que acredita que Cedeira é unha "Cidade Amiga da Infancia". A entrada nesta rede é consecuencia das políticas de participación que desenvolve desde

hai anos o Concello, entre elas o desenvolvemento dos Orzamentos Participativos co alumnado do IES ou a creación do Consello Local Ondiñas na Vila. Obter este selo é un estímulo para seguir contando cos nenos e as nenas á hora de traballar polo presente e o futuro de Cedeira. **Páx. 4**

O CADE, adestramento a alto nivel

O Concello de Cedeira acaba de publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público o expediente de contratación da obra de construción do Centro de Adestramento Deportivo Especializado (CADE), que ocupará un edificio de nova planta na parcela ata o de agora valeira e contigua ao Polideportivo Municipal. A actuación ten un orzamento de 689.799,50€, que a administración local vai afrontar cunha axuda de 344.899,75€, do Fondo Adicional de Cooperación Local para investimentos de carácter estratéxico.



O CADE terá soto, un andar e baixocuberta. Será un espazo complementario ás outras instalacións deportivas de Cedeira e orientado ao adestramento de alto rendemento en remo e triatlón. O baixo albergará vestíbulo con zona de recepción, mostrador, control de usuarios, zona de espera, vestiarios adaptados e unha zona de entrenamento de remo

con maquinaria xeral e específica. No primeiro piso estará a zona de entrenamento de triatlón, con bicicletas de rodillo e estáticas, vestiario, sauna e sala de musculación. O baixocuberta funcionará como almacén e acollerá as instalacións do edificio. En total, o centro terá preto de 300 metros cadrados de superficie útil para o deporte, aos que se suman

outros 117 no baixocuberta. O goberno local de Cedeira mantén desde hai anos unha política decidida de apoio ao deporte, que se ten materializado xa en numerosos investimentos. Cómpre apuntar que se está a tramitar actualmente a autorización de Costas para levantar na zona portuaria unha nave de 300 metros cadrados para embarcacións do Club de Remo.

Aprobada a licitación das obras dos dous parques infantís de San Isidro

A Xunta de Goberno do Concello de Cedeira aprobou recentemente os expedientes de licitación de dous obras que se van acometer con cargo ao Plan de Obras e Servizos da Deputación (POS+2025), cun investimento que suma 256.432,55€ (IVE incluído). Trátase dos proxectos de mellora dos dous parques de xogos da zona de San Isidro, un deles o de xogos infantís que está na praza da Constitución e outro o que se sitúa moi próximo, na área recreativa da Madalena.

A obra que se vai realizar no parque da praza da Constitución ten un orzamento de 90.879,85€ (IVE incluído), e servirá para subsanar deficiencias e tamén para mellorar tanto a pavimentación como os elementos de xogo instalados,



colocando tamén novos xogos máis atractivos e de maior capacidade. Este é o parque que ocupa o interior do anfiteatro descuberto que está na praza e está especialmente orientado a edades temperás. Renovarase o pavimento de caucho e os elementos de xogo pasarán dos cinco actuais a oito. A escasos metros, o proxecto para o parque da área recreativa da Madalena prevé tamén a renovación e a ampliación da superficie de




pavimento de caucho. Levantarase neste caso a maior parte dos elementos de xogo actuais para a súa reparación e reubicación e tamén colocaranse outros novos, concretamente unha estrutura de barco con máis de 124 m2 de planta e un balancín carrusel cuádruple. A área de xogos, que actualmente ocupa 343m2 sumará preto de 72m2 máis. O investimento desta actuación é de 165.552,70€ (IVE incluído).

Deputación e Concello asinan o convenio para ampliar a piscina

O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, e o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, acaban de asinar o convenio de colaboración que servirá para financiar a dúas bandas a ampliación da piscina municipal, unha actuación que ten un presuposto de 588.790,08€. O organismo provincial aprobou no pleno desta mesma mañá o convenio, e os dous responsables formalizarono a continuación na sede da Coruña. A Deputación asume 300.000€ do custe e o Concello os 288.790,08€ restantes.

A piscina municipal vai crecer ao longo e ao ancho, pasando dos 16x8 metros actuais aos 25x11,6m. É unha vella aspiración do Concello de Cedeira, que inicialmente pretendeu artellar un programa de financiación a tres bandas, coa Xunta de Galicia, para construír unha nova instalación. Foi un acordo unánime do pleno a comezos de 2023, pero a realide foi que o goberno autonómico non respostou e o municipal optou por procurar unha solución co respaldo da Deputación Provincial. A obra conlevará unha importante mellora no funcionamento enerxético da instalación. A piscina actual foi inaugurada hai case 35 anos e ten un illamento deficiente, que vai ser corrixido cunha nova cuberta, novos muros para sustentala e unha fachada no lado leste que será de vidro illante e permitirá o paso da luz natural. O proxecto abrangue a rehabilitación enerxética da cuberta e da fachada oeste.

A nova fachada leste será de vidro illante e permitirá o paso da luz natural. Nos laterais levantaránse muros de formigón para soportar a nova cuberta. A instalación contará, por último, con novos equipos de depuración de auga, renovación de aire e iluminación. O conxunto será unha piscina con máis espazo para nadar e máis confort para usuarios e usuarias, con menos consumo de enerxía.



Na rede intelixente da Federación

A piscina de Cedeira forma parte desde novembro da rede EPIC -de piscinas intelixentes- impulsada pola Federación Española de Natación. Cunha axuda tramitada diante do Consello Superior de Deportes, o Concello acometeu o investimento, que ascendeu a 87.120€ (IVE incluído). Na práctica, é unha tecnoloxía que permite a un nadador ou unha nadadora da vila comparar os seus tempos cos que está facendo nese mesmo momento Mireia Belmonte, por exemplo. A tecnoloxía incorporada é moito máis que dita anécdota: a través

dunha serie de sensores e chips, tanto no vaso como nas gafas dos e das deportivas, monitorízase a actividade e mellora a seguridade das persoas usuarias porque salta unha alerta cando alguén está máis tempo do normal por debaixo da auga. Os datos reflíctense nunha gran pantalla que está xunto á piscina e tamén nunha aplicación que poden empregar tanto os deportistas como adestradores. A empresa suministradora garante que se fará cargo, a coste cero, da adaptación do sistema unha vez que estea feita a prevista ampliación.

Unicef reconece a Cedeira co título de “Cidade Amiga da Infancia”

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, e o concelleiro de Mocidade, Noel López, recolleron o pasado día 9 en Madrid o distintivo de “Cidade Amiga da Infancia” de Unicef que Cedeira ten acadado este ano. O recoñecemento enche de orgullo ao goberno local, que leva anos traballando para abrir a política municipal á participación real e efectiva dos menores, tanto a través dos Orzamentos Participativos, dos que está a desenvolver a sexta edición, como da creación do Consello Local da Infancia e a Adolescencia Ondiñas na Vila, que xa levou tamén adiante os seus primeiros proxectos reais.



Cedeira foi unha das 18 entidades locais que lograron o recoñecemento este ano e que entran a formar parte da rede de Unicef. Pertencer a ela supón ter un sistema de goberno local comprometido cos dereitos dos menores, segundo a Convención sobre os Dereitos do Neno, e implementar políticas que consideran non so as súas necesidades, senón directamente as súas demandas. O Concello de Cedeira creou a finais de 2023 o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) Ondiñas da Vila,

que está a traballar con regularidade como un órgano consultivo do goberno local. De feito, a administración local executou xa dúas iniciativas a proposta dos menores: un ciclo de cine e un merendoiro no parque de San Isidro.

O acto de entrega celebrouse no salón Ernest Lluch do Ministerio de Xuventude e Infancia e no mesmo púxose de manifesto, segundo afirmou Fernando Sequeira de Fuentes, vicepresidente de Unicef

España, que o distintivo “non significa sinxelamente ostentar un selo, é un proceso de mellora a longo prazo”. O alcalde, Moreda Gil, recolleu o recoñecemento da man de Rubén Pérez Correa, secretario de Estado de Xuventude e Infancia, quen destacou que as cidades da rede “adquiren un compromiso notorio coa infancia”. A acreditación ten vixencia ata o ano 2029 e implica seguir a traballar para dar voz e decisión aos nenos e nenas sobre o futuro do seu pobo.

Axudas para o tecido cultural e deportivo

O Concello resolveu neste mes de novembro as convocatorias de axudas que anualmente fai para entidades socioculturais, por un lado, e deportivas, por outro. Son programas dotados con 60.000€ cada un deles, que se reparten por concorrencia competitiva, é dicir, segundo criterios obxectivos como antigüidade, número de persoas asociadas, etc. Desta volta, os fondos municipais foron para 19 entidades socioculturais e 10 clubs deportivos.

Na convocatoria para asociacións do eido sociocultural reciben axudas

Eixil, as asociacións de veciños de Cervo Tarroiba, San Román, San Xulián de Montoxo, Santa María de Rego e Piñeiro, As Aturuxas, Mestas, a asociación Virxe do Mar, Progreso de Esteiro, Brincadeira, Mulleres da Vila de Cedeira, Lugares Comúns, Cedeirart, Buxainas, Discalzos polo Festival, Rondalla Cedeira, Asociación Maiores de Cedeira e Asociación de Patchwork.

En canto ao ámbito deportivo, son dez as entidades beneficiarias este ano: Club Remo, Natación Cedeira, Sociedade de Caza e Pesca, Club de

Buceo, Basket Club, Cedeira Tenis Club, Cedeira SD, Club de Baile Street Dance, Discalzas SD e Escola Karate Cedeira.

A dotación destas convocatorias de axudas experimentaron xa en 2023 unha suba moi importante, do 66%, respecto ao exercicio anterior. Así, pasaron de destinarse 36.000€ a cada un dos ámbitos, o cultural e o deportivo, aos actuais 60.000€. Dito incremento resposta á vontade do goberno municipal por apoiar e impulsar o tecido asociativo.

Nova dinámica de participación para atender as demandas das parroquias

O goberno local de Cedeira puxo en marcha o pasado setembro a iniciativa denominada “Parroquias Cedeira”, un proxecto de participación cidadá que busca dar voz á veciñanza do rural para recoller as súas propostas de mellora. Tras os primeiros contactos e reunións cos representantes das asociacións veciñais das seis parroquias rurais, celebrouse o encontro de posta en marcha no Concello e o calendario de reunións con cada unha.

Así, entre outubro e o que levamos de novembro tiveron lugar os encontros en San Román, Esteiro, Régoa, Montoxo, Piñeiro e Santalla, sempre cunha boa resposta veciñal que cómpre agradecer. A experiencia serviu xa para priorizar actuacións concretas, identificar problemas urxentes e xerar propostas innovadoras para a planificación municipal. Entre os aspectos que máis interesan á veciñanza do rural están, en xeral, a atención ás infraestruturas, a descentralización cultural, a xestión sostible do medio natural e a recuperación de espazos comunitarios e deportivos.



O éxito desta iniciativa reside na corresponsabilidade e o diálogo directo entre Concello e veciñanza, promovendo un modelo de xestión máis participativo, transparente e adaptado ás necesidades reais de cada parroquia. Con esta iniciativa, o Concello de Cedeira segue a apostar por fomentar a participación cidadá, dinamizar o rural e dar maior visibilidade ás necesidades parroquiais.

O Consello Sectorial da Memoria Democrática

O Concello está a tramitar a creación do Consello Sectorial da Memoria Democrática, un novo órgano de participación para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e a presentación de propostas dirixidas, entre outras cousas, a favorecer a reparación e dignificación dos veciños e das veciñas que sufriron danos polo golpe de estado de 1936, a Guerra Civil e a ditadura. Actualmente está a exposición pública o regulamento

deste órgano, que terá carácter consultivo, e que estará presidido pola persoa que ostente a Alcaldía, co concelleiro ou concelleira responsable de Participación Cidadá na vicepresidencia. Serán vogais un representante de cada grupo político municipal, ata tres representantes das entidades de memoria histórica e historiadores/as ou investigadores/as de recoñecido prestixio no ámbito do traballo memorialista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Sexta edición dos Orzamentos Participativos

Todo o alumnado do IES Punta Candieira está implicado este curso nos sextos Orzamentos Participativos de Cedeira. Máis de 450 estudantes de ESO, Bacharelato e FP, así como profesorado, dirección, departamento de orientación, conserxería, administración e limpeza tomarán parte na elaboración de propostas, na deliberación e na votación. No proceso farán un exercicio de democracia e decidirán, un ano máis, o destino de 20.000€ dos Orzamentos Municipais. A debate no proceso, que en anos anteriores se desenvolveu co alumnado de 3º da ESO, cuestións que teñen que ver co Medio Ambiente e a Sustentabilidade, a Saúde e o Benestar e o Patrimonio Cultural e a Memoria Histórica. Desde 2020, o Concello ten investido máis de 100.000€ a través das diferentes edicións deste Orzamento Participativo Escolar.

Subida de case 70.000€ ao canon de tres parques eólicos

O pleno do Concello aprobou a modificación dos contratos de tres parques eólicos situados desde os anos 90 na Capelada. O goberno local negociou coa actual propietaria a suba do canon que paga anualmente, chegando ao acordo de que ingresará a partir deste ano un total de 200.140€, en lugar dos 130.246€ que percibía. Os novos contratos garanten tamén ao Concello o dereito a renovar, ou non, exercicio a exercicio.

En dous casos os contratos orixinais daban ás dúas partes, empresa e Concello, o dereito a renovar ou non, pero noutro esta decisión quedaba exclusivamente en mans da titular das instalacións. Co cambio, o Concello terá dereito a asinar a renovación de cada parque ano a ano, ou suspender a autorización. Os cambios entran en vigor con efectos retroactivos, de maneira que a administración local percibirá xa este ano os 69.893,74€ máis acordados.

O parque máis antigo é o denominado "A Capelada", que se asinou en 1995 por 20 anos, prorrogables por

períodos sucesivos de cinco, neste caso por decisión exclusiva da empresa. Está dividido nos parques A Capelada I e II, que aboaban un canon de 25.623,82 e 27.131,09€. Pasan agora, co novo contrato que asinan o Concello e a actual propietaria, Enel Green, a pagar 39.401 e 41.664€, un total de 81.065 máis. Modificouse tamén no mesmo pleno o contrato do parque eólico Os Corvos, que se estableceu en 1998, para 30 anos, renovables por catro períodos de 5 anos cada un sempre que ningunha das partes o rexeitara. A compañía Enel Green aceptou renovar ano a ano, durante un período de cinco anos, por 53.318€ anuais, 18.659,98€ máis que os 34.667,02€ de canon anual que ingresaba ata o de agora.

O outro é o de Coucepenido, aprobado en 1998 tamén para 30 anos prorrogables por catro períodos sucesivos de cinco anos. Igualmente, Enel Green é a propietaria e aceptou renovar ano a ano por un período de 5 anos cunha compensación económica para o Concello de 65.757€ anuais, fronte aos 42.824,38€ actuais.

Obras de mellora de catro camiños en Cervo e Piñeiro

O Concello de Cedeira leva adiante actualmente obras en catro camiños de Cervo e Piñeiro. A actuación adxudicouse por 82.522€ e afecta concretamente aos camiños de Bereixo, Santalla de Cervo, Lamelas e Arrasa, que suman un percorrido de 3,8km. É un investimento que a administración local realiza coa axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), coa que cubre máis do 80% do custo.

Por outra parte, a administración local comprou recentemente un camión con guindastre para realizar traballos

de coidado do medio ambiente. Adxudicouse por 123.504,70€ (IVE incluído) e parte do investimento -67.558€- procede das axudas do Fondo de Compensación Ambiental, que lle tocan ao municipio por acoller no seu territorio muíños eólicos.

E acaban de adxudicarse de novo as obras das rúas Ortigueira e Ríos Condomiñas, Lamas e Tixón, que tiveron que saír a licitación por segunda vez debido a problemas da empresa que gañou o concurso meses atrás. O contrato supón 128.624€ (IVE incluído).

Despregamento das redes 4G e 5G e afectación da TDT

As operadoras de telefonía móbil Telefónica, Vodafone e Orange, están a realizar en Cedeira o proceso de implantación dos servizos de telefonía móbil de nova xeración, 4G e 5G, sobre as bandas de 800 e 700 MHz, respectivamente, o que vai permitir gozar de conexións móbiles de alta velocidade cunha mellor cobertura no interior dos edificios e maior extensión xeográfica. Porén, a implantación destes novos servizos pode afectar á Televisión Dixital Terrestre (TDT), de maneira que se ten contratado á empresa Chega700 para solucionar calquera afectación na recepción do sinal de televisión. Aquelas persoas que teñan este problema deberán chamar ao teléfono gratuito 900 833 999 -web www.chega700.es- para que o persoal técnico acuda a correxilos sen custo algún.

Actividades con cargo aos proxectos do GALP

Nos últimos meses sucedéronse moitas e variadas actividades que se puxeron en marcha no marco dos diferentes proxectos do GALP A Mariña Ortegal, o grupo de acción local que canaliza as axudas europeas para fomentar o crecemento económico, o emprego e a inclusión social en territorios do litoral, potenciando os sectores pesqueiro e marisqueiro. Nestes momentos, o Concello de Cedeira está a desenvolver catro proxectos: Gastromar, Respira Cedeira, Coidemos Cedeira e Mar de Vida, que en conxunto mobilizan 293.153,29€.

A través das redes sociais e a web do Concello difundíronse as actividades que se realizaron no marco destas iniciativas, varias delas charlas e saídas didácticas con grupos de alumnado tanto do colexio como do instituto, así como rutas guiadas, showcookings e outras propostas.

Tardes de xogo en familia ao abrigo do Polideportivo Municipal nestas festas

O Concello de Cedeira transformou un ano máis o Polideportivo Municipal nun parque de atraccións, con entrada gratuíta e a cuberto, durante as vacacións escolares de Nadal. Desde o luns 22 de decembro ata o 4 de xaneiro abrirá todas as tardes, agás os días 24 e 25 e 31 e 1, en horario de 16.30 a 20.30h, con inchables e talleres permanentes e outras propostas que irán rotando.

Os días 22 e 23 de decembro estivo instalado o xogo Interactive Super Grid, unha pista con máis de 350 baldosas con LEDs sensíbles ao tacto sobre a que haberá que avanzar demostrando velocidade e coordinación. Os días 26 e 27 instalárase no Polideportivo un campo para as batallas con Batte Nerf Area, pistolas de xoguete, así como un touro mecánico e unha táboa de surf para poñer a proba o equilibrio.

Os días 28 e 29 volve renovar a oferta de lecer cun espazo de realidade virtual, que xa se ofreceu en anos anteriores con grande éxito. Tamén ofrecerá unha experiencia inmersiva e real o campo de batalla con Laser Tag Experience que se montará o 30 de decembro e o 2 de xaneiro. Os días 3 e 4 de xaneiro será a quenda do Interactive Dance



Mets, cunha pantalla conectada á unha alfombra na que os xogadores teñen que bailar e facer os movementos propostos, competindo entre todos os participantes. Estes últimos dous días haberá tamén un circuito para manexar vehículos por radiocontrol.

Ademais, Cedeira recibiu a visita de Papá Noel e o vindeiro día 5 chegrán os Reis Magos. Melchor, Gaspar e Baltasar comezarán ás 18.00h o percorrido desde o CEIP Nicolás do Río, e ás 18.30h irán ao Auditorio Municipal para recibir

as cartas de nenos e nenas. Ás 19.00h asistirán tamén á festa que se vai celebrar no pavillón do colexio, con roscón, chocolate e atraccións inchables.

E tamén volve programar o Concello de Cedeira verbenas populares, de novo baixo unha carpa na praza Roxa, para as noites máis festivas. Na de Aninovo, aproximadamente sobre a unha da madrugada, actuará a orquestra Fania Branco Show e na madrugada do día de Reyes tocaralle a quenda a orquestra Orixe.

Buzón de queixas sobre as liñas de autobús

O Concello de Cedeira vén de colgar na súa páxina web, e compartir polas redes sociais e canle de Whatsapp, un formulario para que as persoas que utilizan os servizos regulares de autobús, que presta fundamentalmente a compañía Monbús, poidan facer constar as súas queixas. Consciente das moitas incidencias que se producen de maneira cotiá nestas liñas, o goberno municipal quere recoller información e datos concretos que lle permitan

elaborar un informe e reclamar as melloras necesarias diante da Xunta de Galicia, que ten a competencia do transporte de viaxeiros por estrada.

As moitas eivas que se rexistran no servizo afectan especialmente ás persoas maiores e a mozos e mozas, xente que non conduce ou non dispón de vehículo propio, e que se atopan coa frustración de non contar con servizos de liña fiables. Unha das queixas recurrentes é que as paradas non están

debidamente sinalizadas e que existen serias dificultades para consultar os horarios. En moitos casos os autobuses pasan por diante das paradas sen deterse e deixando viaxeiros en terra, ou mesmo levan viaxeiros de pé en desprazamentos interurbanos.

A pretensión do Concello é que os usuarios e usuarias fagan constar a súa queixa en cada ocasión, para ter información o máis detallada posible cara a dirixirse á Xunta.

O tecido empresarial de Cedeira, unido de novo no sorteo de Nadal

.....

Cedeira pode presumir de ter un tecido empresarial variado e vivo, no que a veciñanza pode atopar unha oferta moi completa e de calidade. Cada Nadal, a práctica totalidade dos negocios suman forzas para potenciar a campaña de vendas e garantir que a xente queda na localidade para mercar. Un total de 172 comercios, establecementos de hostalería, perruquerías, axentes de seguros, talleres de coches, tendas de alimentación, asesorías e un amplo etcétera de empresas uníronse este ano de novo para poñer en marcha o sorteo “Nadal en Cedeira”, no que poñen enriba da mesa un atractivo aliciente para facer as compras na localidade: 3.300€ en premios, repartidos en 19 vales para gastar nos mesmos establecementos participantes.

Como sucede coa tradicional lotería de Nadal, os premios son moi repartidos: sortéase un vale de 500€, dous de 300€, seis de 200€ e dez de 100€. Hai que subliñar que toda a cantidade é aportada polos establecementos participantes na iniciativa, que contan coa colaboración do Concello na difusión da mesma. O reparto dos vales comezou o pasado día 5, coincidindo co acendido da iluminación de Nadal, e continuará ata o vindeiro 5 de xaneiro, véspera de Reis.

Neste tempo, todas as compras de produtos ou servizos na inmensa maioría dos establecementos de Cedeira veñen con vales para optar aos premios. O sorteo realizarase o día 10 de xaneiro, se a meteoroloxía o permite na praza do Floreal -algún



Os 172 negocios que participan na campaña aportan os 3.300€ en premios

ano tivo que ser trasladado ao Polideportivo Municipal pola choiva-. É todo un acontecemento ao que adoitan asistir máis de 800 persoas, e que sadoita estar moi animado. As persoas que gañen algún dos 19 vales de compra que se van sortear terán ata o 28 de febreiro para canxealos, obrigatoriamente nos mesmos establecementos participantes.

A Asociación De Cedeira para o Comercio, que impulsa o sorteo de Nadal e que xa realizou con éxito outras propostas, como a última

xincana que levou a un numeroso grupos de veciños e veciñas a ir polos comercios buscando un soldadiño de chumbo, ten en proxecto artellar outras iniciativas ao longo do ano. O obxectivo é contribuír a dinamizar diferentes sectores y ámbitos do tecido empresarial local.

Segundo explican desde a directiva, que preside Ana Isabel Bouza Quintana e que integran tamén María Villar Pérez, Dolores López López, Sandra Monteiro Yáñez, Ana María Fernández Ramos, Diana Roxana Córdoba Piñeira e María del Mar Amor Lorenzo, a súa vontade é sumar a forza de todos os sectores, de todos os emprendedores e emprendedoras da localidade, e defender o comercio de proximidade, os produtos de quilómetro cero, todo o local, que ademais de calidade, ten o valor da veciñanza.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA